

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 29 de xullo de 2019 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de xuño de 2019.
- * Aprobación das propostas de modificación e verificación de títulos de grao, máster e doutoramento.
- * Aprobación de primeiras edicións de Curso de Especialista.
- * Aprobación do procedemento de elaboración da memoria xustificativa e a memoria para a solicitude de verificación do Grao en Deseño e Creación.
- * Aprobación do inicio de expediente de creación da Facultade de Deseño e Creación.
- * Aprobación de nomeamentos para postos vacantes como vogais nas comisións de avaliación do programa Docentia.
- * Aprobación do nomeamento do Sr. Mauricio Battino como Investigador honorífico da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da creación da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI).
- * Estimación do recurso de alzada presentado por Francisco Fernández Massaguer contra o acordo de informe desfavorable da Xunta de Escola da E.E. de Telecomunicación do día 03/05/19, sobre a súa actividade docente.

Vigo, 29 de xullo de 2019

O secretario xeral,



Miguel Ángel Michinel Álvarez

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.